QUE HAI QUE PODAR?

A poda é un traballo custoso polo que é necesario podar só os pés de futuro ata unha altura de 6 m, por enriba desta altura, en xeral, o custo da poda non compensa o prezo da madeira.

No caso das coníferas os pés mal formados ou danados non se podarán. No caso das frondosas os pés mal formados ou danados pódense corrixir cun recepe (corte polo pé). Non hai que temer os recepes, feitos ao seu debido tempo e no momento oportuno, son a mellor solución para substituír unha planta torta ou danada por un fuste dereito sen nós.

No caso das frondosas, os pés mal conformados é mellor recepalos para conseguir un pé dereito.

Ao ano seguinte ao recepe, no caso de varios rebentos, cómpre escoller a tempo o máis vigoroso e mellor formado e cortar os demáis para que non se produzan torceduras no fuste.

DESINFECCIÓN DE FERRAMENTAS

No caso da poda de árbores moi sensibles aos patóxenos, como é o caso do castiñeiro, cómpre desinfectar as ferramentas ao pasar dunha árbore a outra. Pódese desinfectar empregando lixivia diluída en auga.

ELIMINACIÓN DOS RESTOS DA PODA

A eliminación das pólas procedentes da poda é unha operación recomendable. Cando a plantación é transitable para un tractor, as pólas procedentes de dúas filas de árbores situaranse nunha mesma rúa e, unha vez finalizado o traballo de poda, daranse uns pases de rozadora para triturar este material e así facilitar a súa descomposición e incorporación ao solo. Cando esta operación non se poida realizar, o máis recomendable é amorear as pólas e, se é posible, sacalas do monte ou queimalas en sitio apropiado. A acumulación de restos de poda no monte eleva o risco de incendios e convértese nun foco de pragas e enfermidades.

Os restos da poda cómpre ilos amoreando no medio das rúas para poder trituralos ao rematar.

DESPOIS DA PODA

Ao ano de facer a poda hai que revisar o traballo procedendo a eliminar os rebentos que puideran saír ao longo do fuste podado o ano anterior.

Rebentos epicórmicos tras unha poda. Á esquerda en freixo e á dereita en piñeiro radiata.

Co financiamento de: XERA, Axencia Galega da Industria Forestal

XUNTA DE GALICIA

AFG Asociación Forestal de Galicia

Rúa do Vilar, nº 33, 1º
15705 Santiago de Compostela
981 564 011 / 618 752 214
afg@asociacionforestal.org
www.asociacionforestal.gal

A poda
para madeira de alto valor

Conseguir unha madeira de alto valor depende de moitos factores que comezan cando eliximos o sitio da plantación, a especie, a planta, o método de plantación... pero, fundamentalmente, depende de aplicar un correcto modelo silvícola e dentro del, levar a cabo un programa de podas axeitado.

Podar no momento oportuno, na época adecuada, cunha ferramenta apropiada e cuns cortes ben feitos, é fundamental para producir boa madeira de alto valor de calquera especie.

OBXECTIVO

O obxectivo é producir árbores rectas, cilíndricas, sen bifurcacións, sen danos no fuste, nin torceduras e, sobre todo, con madeira libre de nós ata 3 ou 6 m de altura.

O obxectivo da poda é producir madeira sen sós, como a da esquerda. Á dereita pódense observar os nós que deixan no tronco as pólas non podadas ou podadas a destempo.

Plantación de cerdeira, á esquerda, e de piñeiro, á dereita, podados a seis metros e medio de altura.

A PODA SEGUNDO A ESPECIE

Ao longo da quenda de produción hai que levar a cabo dous tipos de podas:

Poda de formación nos 10 primeiros anos, para conseguir que a guía vaia dereita. As coníferas adoitan manter dereita a guía principal co que esta poda non a precisarían, pero nas frondosas é imprescindible para manter a dominancia da guía principal eliminando todas aquelas pólas que compitan con ela.

Poda de calidade que pode rematar aos 20 anos nalgunhas especies, que consiste en ir podando ata conseguir uns 3 ou 6 m do fuste recto libre de pólas (e, polo tanto, coa madeira sen nós) e o máis cilíndrico posible.

COMO SE PODA?

Unha das claves dunha boa poda é facela no momento e da maneira oportunos, para isto hai que facer sempre:

- Cortes limpos a carón do fuste, sen danar a árbore, sen tocar o anel de cicatrización e sen deixar toco.
- Podar pólas que teñan menos de 4 cm de diámetro. Podar pólas que excedan esta medida na inserción do tronco reduce a calidade da madeira.
- Empregar ferramentas axeitadas.
- Desinfectar as ferramentas nos casos de máximo risco e valor da plantación.
- Aplicar pasta cicatrizante nos casos de risco de entrada de patóxenos, sobre todo nas frondosas caducifolias.

Como norma xeral recoméndase non podar máis da metade da altura da árbore. A poda excesiva ocasiona a ralentización do crecemento da árbore (ao deixala sen moita folla ten máis dificultades para medrar) e nalgunhas especies provoca a aparición de rebentos epicórmicos na parte do tronco podado.

As pólas que non se vaian cortar pero que sexan vigorosas e poidan converterse en dominantes abondará con cortarlles as puntas a un terzo e deixarlles dous terzos da súa lonxitude, para ralentizar o seu crecemento ata a poda seguinte.

Corte de poda ben realizado á esquerda e mal feitos á dereita. Os cortes de poda deben ser limpos a carón do fuste, sen danar a árbore, sen tocar o anel de cicatrización e sen deixar toco.

Á esquerda, cicatriz de poda dunha póla de diámetro axeitado e ben cicatrizada. Á dereita, cicatriz da poda dunha póla de diámetro excesivo e sen pechar.

O ideal é que se pode un terzo da altura da árbore.

Cando se poda con serrón, para evitar rachar a casca da árbore, é preciso facer unha incisión inicial pola parte inferior da póla que se vai cortar.

A pasta cicatrizante axuda evitar a entrada de pátoxenos. É recomendable sobre todo nas podas de frondosas caducifolias.

Podar demasiado en altura provoca un freo no crecemento da árbore e favorece os rebentos epicórmicos.

CON QUE FERRAMENTA SE PODA?

A poda levarase a cabo preferentemente con tesoiras de poda, cizallas, serrón ou motoserras lixeiras que permiten realizar cortes limpos e precisos. Estas ferramentas, manuais ou mecánicas, poden montarse sobre pértegas telescópicas para facilitar a poda alta.

As ferramentas eléctricas e pneumáticas, ofrecen maior facilidade de manexo e mellor corte e abaratan substancialmente os custos. Para a poda baixa e sobre pólas finas (menores de 4 cm de diámetro) as tesoiras eléctricas -a enerxía subminístrana baterías que o operario leva nun cinto- son de doado manexo e o corte é moi preciso. Para a poda alta, as tesoiras e as serras de lámina, montadas en pértegas con forza hidráulica, parecen ser a solución máis apropiada. Estas ferramentas son moi precisas e o corte é perfecto.

En todos estes labores requírese o uso de casco, gafas protectoras, luvas e calzado axeitado.

As ferramentas deberán ser todo o lixeiras que sexa posible para evitar esforzos físicos innecesarios e os seus fíos deberán estar sempre afiados e limpos. Cando non se estean empregando cómpre protexelas cunha funda apropiada para evitar accidentes e danos.

Diferentes ferramentas de poda. De arriba a baixo, podadora eléctrica con pértega, podadora manual con pértega, tesoiras de man, serra montada en pértega telescópica, serra de man, e tesoiras de brazos.

Poda con podadora pneumática, en primeiro termo o compresor necesario para o funcionamento da tesoira ou motoserra.

Poda con podadora eléctrica, a batería engánchase nun chaleco nas costas da persoa que poda e ten unha autonomía de entre 8 e 10 horas.

CANDO SE PODA?

En xeral, o outono e o inverno non é boa época de poda, é moito máis axeitada a primavera e o verán. No outono e no inverno a ferida queda moito tempo aberta co risco da entrada de patóxenos e podremias, ademais de que a poda dos meses fríos favorece a aparición de rebentos nas feridas de poda.

Épocas de poda recomendables segundo especies	
Bidueiro (*Betula* sp.)	Entre maio e agosto
Carballo americano (*Quercus rubra*)	Finais do inverno xusto antes de que abrolle ou ben en xullo e agosto
Carballo do país (*Quercus robur*)	Entre xullo e agosto
Castiñeiro (*Castanea* sp.)	Cando comeza a abrollar, entre o 15 de marzo e o 15 de abril, pero pódese estender ata comezos do verán
Cerdeira (*Prunus* sp.)	Entre xuño e xullo
Chopo (*Populus* sp.)	Inverno, e repaso de ladróns no verán
Eucalipto (*Eucalyptus* sp.)	Preferiblemente na primavera
Freixo (*Fraxinus* sp.)	Entre xuño e agosto
Nogueira (*Juglans* sp.)	Mediados de xuño-mediados de xullo, na primavera antes de abrollar ou incluso en agosto ou setembro
Piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*)	Verán
Piñeiro do país (*Pinus pinaster*)	Con tempo seco nos meses de calor
Piñeiro insigne (*Pinus radiata*)	Con tempo seco nos meses de calor
Pradairo (*Acer* sp.)	Inverno, primavera ou verán
Secuoia (*Sequoia* sp.)	Verán